

Concello da Capela

Expediente núm.: 442/2021

Anuncio de consulta pública no portal web do concello

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Data de iniciación: 17/11/2021

ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA NO PORTAL WEB DO CONCELLO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento de funcionamento do espazo de traballo (coworking) do Concello da Capela, incluído na Rede provincial de espazos de traballo colaborativo da Deputación Provincial da Coruña, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **dez días** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Concello da Capela

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Dotarse dun instrumento que proporcione seguridade xurídica ao xestor e aos usuarios do espazo de traballo (coworking) do Concello da Capela</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Unha vez posto en marcha o espazo de traballo (coworking) é preciso dotalo dunha normativa de uso</i>
Obxectivos da norma	<i>Regular o funcionamento, xestión e admisión de usuarios ao espazo de traballo (coworking) do Concello da Capela</i>
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<i>Resulta preciso aprobar un regulamento para a prestación do mencionado servizo porque actualmente este concello carece de toda clase de regulación ao respecto</i>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

